

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 24 DE FEBREIRO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e catro de febreiro do dous mil vinte, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

- 1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIORE CORRESPONDENTE Á SESIÓNS 27 DE XANEIRO DO 2020.**

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación do Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a acta da sesión de 27 de xaneiro do 2020.

**2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.01.2020 ao 19.02.2020)**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de xaneiro do 2020 ao 19 de febreiro do 2020.

PARTE RESOLUTIVA

3. CONSULTA PREVIA Á APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARPROTECCIÓN CIVIL.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e D^a Isabel García Díaz e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

“INFORME SOBRE A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen

os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias "as potestades regulamentarias e de autoorganización" no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas ditadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade

regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

a. Consulta pública previa.

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos d fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

b. Informes previos.

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. Aprobación inicial polo Pleno.

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. Información pública e audiencia dos interesados.

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto, o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

- e. Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

- f. Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

- g. Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran en vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requirimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requirimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de consulta pública sobre a aprobación do Regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Monforte de Lemos”.

O SECRETARIO XERAL”

No Decreto 56/200, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil, recóllese no artigo 50.2º que as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) para o adecuado cumprimento das súas funcións, teñen que estruturarse de acordo coas necesidades do Concello, comarca ou mancomunidade na que se integre.

Tendo transcorrido máis dunha década dende a aprobación do regulamento existente, é necesario proceder á elaboración doutro regulamento co fin de actualízalo e adaptalo ás esixencias tanto da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, así como ao establecido polo Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia

Co obxecto de regular un tratamento homoxéneo e de facilitar a comprensión do texto, considérase elaborar un texto normativo ex novo

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propónse que o Pleno do Concello adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Realizar a consulta previa en relación á elaboración do Regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Monforte de Lemos.

2º.- Fixar o prazo de dita consulta en 15 días naturais, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Monforte, sendo con carácter xeral os destinatarios da consulta pública as persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas en Monforte de Lemos, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

3º.- *Aprobar o contido da consulta pública previa segundo o anexo que se achega.*

4 º.- *Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Monforte de Lemos. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias manifestando que está de acordo en que se debe adecuar este regulamento e que se poña a andar esa agrupación de protección civil. Anuncia o seu voto favorable.

Intervén D^a Isabel García Díaz dicindo que xa anunciou na Comisión Informativa que lle parecía axeitado, fala de que é algo moi necesario na sociedade na que se vive, o voluntariado. Anuncia o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela anunciando o voto a favor dicindo que todo o que sexa actualizar as normas. Fala de que recentemente o seu grupo presentou no ao pleno a necesidade de actualizar a ordenanza municipal de solares e fachadas, lembra a proposta presentada para a venda ambulante de Monforte de Lemos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto non é a aprobación dun regulamento senón unha consulta previa de exposición pública.

Sometido o asunto a votación, apróbbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

4º.-ACORDO SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO, SOLICITUDE DE DECLARACION DE TRAMITACION URXENTE DO EXPEDENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA, DECLARACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS E REMISIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DA OBRA DO PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL (RONDA MARIA EMILIA CASAS BAAMONDE) LU-664.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o proxecto de obras denominado “Parque do Barrio do Hospital” elaborado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, don José Mariño Méndez.

Visto que a execución vai requirir a obtención dos bens e dereitos necesarios segundo relación que figura no propio proxecto.

Visto que para o exercicio da potestade expropiatoria é preciso ostentar competencia territorial e que o Concello precisa que a Deputación Provincial de Lugo tramite o correspondente expediente con carácter urxente dada a natureza básica do Servizo.

Non obstante este Concello procede á aprobación do proxecto epigrafiado que por estar incluído no plan implica a declaración de utilidade pública e interese social conforme ao artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa.

Por existir naquel unha relación concreta e individualizada de bens afectados, enténdese implícita na aprobación do proxecto a necesidade da ocupación ao abeiro do previsto no artigo 17 da mesma Lei.

Visto que tal declaración foi aprobada por acordo Plenario de data 30 de setembro do 2019.

Propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado o proxecto de obras denominado "PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL" elaborado polo Enxeñeiro Técnico Forestal don José Mariño Méndez o que implica a DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA e da NECESIDADE DA OCUPACIÓN, de acordo co disposto no acordo do Pleno de data 30 de setembro de 2019, ao abeiro dos artigos 10 e 17 da Lei de Expropiación Forzosa.

SEGUNDO.- Someter o devandito proxecto ó trámite de información pública por un período mínimo de vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios no BOP, para os efectos de presentación de alegacións. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Á vista da documentación obrante no expediente, SOLICITAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, A TRAMITACIÓN URXENTE DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA dos bens e dereitos que resulten afectados pola execución deste proxecto, solicitando a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios ao órgano autonómico competente. Neste expediente expropiatorio este Concello asume a posición de BENEFICIARIO asumindo as cantidades íntegras que correspondan ó total da expropiación. "

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto- BNG) e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D^a Isabel García Díaz, (Grupo Mixto-Esperta Monforte).

5º.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO EXERCICIO 2020.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e D^a Isabel García Díaz e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“A Resolución de 17.01.2020 da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda fixo público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o exercicio 2020, no marco do sistema promovido pola Xunta de Galicia para a xestión institucional dos residuos de competencia municipal e xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama), no importe de 69,83€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

Así mesmo estableceu unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 10%. Establecéndose así un canon bonificado en 62,93€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

O devandito canon é de aplicación a aquelas entidades locais que cumpriron as condicións específicas establecidas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, de trasladar o importe equivalente á modificación do canon aos usuarios e adoptar medidas para procurar unha redución de residuos con medidas de fomento da recollida selectiva, para a prevención de lixo convencional ou de fomento da reciclaxe.

*Logo de comprobar o informe emitido pola **INTERVENCIÓN** segundo o cal a diminución no importe do gasto relativo ao tratamento de residuos sólidos urbanos en relación ao repercutido aos beneficiarios do servizo polo concepto da TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO, supón unha porcentaxe do 4,90% **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente as modificación do artigo 6 da Ordenanza Fiscal **REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO** quedando redactada do seguinte xeito:

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRICIÓN	€/BIMESTRE	€/BIMESTRE
	1ºBIM 2020	2º-6ºBIM 2020
Vivendas		
Zona Urbana	12,87 €	12,11 €
Zona Rural	6,45 €	6,07 €
Actividades		
Locais sen actividade	12,87 €	12,11 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677		
Ata 20 m ²	30,03 €	28,26 €
De 21 m ² a 100 m ²	45,06 €	42,41 €
De 101 m ² a 200 m ²	60,08 €	56,55 €
De 201 m ² a 400 m ²	90,11 €	84,81 €
De 401 m ² a 1000 m ²	135,16 €	127,21 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	75,08 €	70,67 €
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969		
Ata 100 m ²	46,34 €	43,62 €



SECRETARIA

<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>69,52 €</i>	<i>65,43 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>115,86 €</i>	<i>109,05 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>162,21 €</i>	<i>152,67 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>92,69 €</i>	<i>87,24 €</i>
<i>Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662</i>		
<i>Ata 20 m²</i>	<i>36,04 €</i>	<i>33,92 €</i>
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	<i>54,06 €</i>	<i>50,88 €</i>
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>72,09 €</i>	<i>67,85 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>108,13 €</i>	<i>101,77 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>162,20 €</i>	<i>152,66 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>90,11 €</i>	<i>84,81 €</i>
<i>Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951</i>		
<i>Con servizo de restaurante, bar ou cafetería Ata 100 m²</i>	<i>19,83 €</i>	<i>18,66 €</i>



SECRETARIA

<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>29,74 €</i>	<i>27,99 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>49,56 €</i>	<i>46,65 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>69,38 €</i>	<i>65,30 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>36,94 €</i>	<i>34,77 €</i>
<i>Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería</i>		
<i>Ata 100 m²</i>	<i>18,02 €</i>	<i>16,96 €</i>
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>27,03 €</i>	<i>25,44 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>45,06 €</i>	<i>42,41 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>63,07 €</i>	<i>59,36 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>36,04 €</i>	<i>33,92 €</i>
<i>Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares</i>		
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699 Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436</i>		
<i>Ata 20 m²</i>	<i>24,03 €</i>	<i>22,62 €</i>
<i>De 21 m² a</i>	<i>36,04 €</i>	<i>33,92 €</i>



SECRETARIA

100 m ²		
De 101 m ² a 200 m ²	48,05 €	45,22 €
De 201 m ² a 400 m ²	72,09 €	67,85 €
De 401 m ² a 1000 m ²	108,13 €	101,77 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	60,08 €	56,55 €
<i>Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179 Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76 División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999</i>		
Ata 20 m ²	17,15 €	16,14 €
De 21 m ² a 100 m ²	25,72 €	24,21 €
De 101 m ² a 200 m ²	34,30 €	32,28 €
De 201 m ² a 400 m ²	51,45 €	48,42 €
De 401 m ² a 1000 m ²	77,17 €	72,63 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	42,87 €	40,35 €

Outras actividades non tarifadas expresamente

<i>Ata 20 m²</i>	<i>17,15 €</i>	<i>16,14 €</i>
<i>De 21 m² a 100 m²</i>	<i>25,72 €</i>	<i>24,21 €</i>
<i>De 101 m² a 200 m²</i>	<i>34,30 €</i>	<i>32,28 €</i>
<i>De 201 m² a 400 m²</i>	<i>51,45 €</i>	<i>48,42 €</i>
<i>De 401 m² a 1000 m²</i>	<i>77,17 €</i>	<i>72,63 €</i>
<i>Máis de 1000 m² (por cada 1000 m² ou fracción de exceso)</i>	<i>42,87 €</i>	<i>40,35 €</i>
<i>Profesionais e artistas</i>		
<i>Sección 2^a e 3^a</i>		
	<i>Profesionais e artistas</i>	
	<i>15,43 €</i>	<i>14,52 €</i>

A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.

SEGUNDO.- *Expoñer ao público o acordo precedente, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

TERCEIRO.- *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, con efectos económicos de 1.01.2020, e serán vixentes durante o exercicio 2020, sendo de aplicación para o exercicio 2021 e seguintes as tarifas anteriores a devandita modificación, mentres non se acorde a súa modificación ou derogación."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Toma a palabra o Sr. Alcalde dando informe sobre este punto.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que se se fai un esforzo entre todos para aforrar en lixo ou para seleccionar en lixo, polo menos que os veciños se beneficien. Di que se intente facer un estudo ou que se valore aquela proposta de levar a cabo o proxecto de compostaxe comunitaria que aforraría máis cartos do Concello no control do lixo.

Intervén D^a Isabel García dicindo van votar a favor desa modificación na taxa da recollida de lixo. Fala de que é algo que xa se fixo o ano pasado. Di que sería necesario facer un tipo de control e vixilancia, e sancionar estas medidas. Di que hoxe tivo a oportunidade de escoitar ao Sr. Alcalde na súa intervención dos luns, na Cadena Ser, no pedazo que escoitou, falouse do lixo.

Intervén D^a Katherinie Varela amosando o seu voto a favor.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que no do pasado mandato, non por nada, pero os concelleiros do Partido Popular son novos non coñecían esta situación. As bolsas fóra de hora concorda con D. Emilio. Fala tamén de que as cousas necesitan un tempo, todo á vez non se pode facer, máis dun chegará a ter unha sorpresa, e senon se teñen medios, o Concello a medio prazo vai contar cun medio máis, a cidade é de todos, cando estamos ensuciando e manchando estamos perxudicando a todos, si fuésemos todos un pouquiño máis cívicos. Fala de que sempre se pode mellorar, ás veces os tempos non son os que lle gustarían. Di que el non anunciou ningún sistema de cambio de lixo, cando toque o dirá. Di que sen tardar moito tomarán unha decisión sobre ese asunto.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

6º.-REQUERIMENTO Á EMPRESA AQUALIA DE INVESTIMENTOS PREVISTOS NO CNOTRATO E NA OFERTA DA EMPRESA PARA A CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o expediente tramitado en relación con este asunto no exercicio 2018 e cos argumentos obrantes nos infoemes que nel constan, propónse, previa actualización dos importes, que pola Comisión informativa se ditamine e polo Pleno municipal se adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Requirir a FCC Aqualia S.A., concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento o importe pendente de executar das obrigas de investimento contractuais, resultante do contrato e da oferta para ser executadas nos anos 2001 a 2003, máis o xuro legal do diñeiro que resulta de aplicación, polo que a cantidade que se reclama ascende a :

Investimento pendente.....2.221.980,36 €
Total de xuros por demora..... 1.496.242,64 €
SUMA TOTAL.....3.718.223,00 €

SEGUNDO: Para a execución concreta de investimentos pola cantidade reclamada, especialmente no que poida modificar o expresamente previsto no contrato e na oferta e que dá lugar a este acordo é competente o Pleno Municipal, como órgano de contratación, e a isto debe aterse a empresa. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que no pasado pleno xa dixo que estaba o de Aqualia dormido e parece que espertou, xa estaba tardando. Di que esto volveuse a repetir o que dixo no seu día, en maio de 2018. Fala de que é unha parte do que debe facer a empresa Aqualia, despois de 19 anos imos reclamar algo que é da veciñanza. Moito se ten debatido e moito froito se ten sacado, pleitos, informes da universidade. Aprobar este requerimento é renunciar ás obras e bens solicitados no seu día, parque acuático, fonte cibernética. Polo tanto, o seu voto vai ser o mesmo que foi en maio, vaise abster.

Intervén D^a Isabel García Díaz dicindo que efectivamente chegou de novo o tema Aqualia e non chega con nada novo, chega con algo que xa pasou por esta cámara naquel momento. Agora está na situación política o que quixo sacar no seu momento. O sacará baixo a súa responsabilidade. Ninguén vai estar en contra de reclamarlle a unha empresa se ese é motivo que se fixo. Fala que este tema pasou por moitas fases, a este pleno trouxo unha proposta de acordo, o

comido polo servido, o Concello pedía, e nos ofrecen que quedamos en paz, e ademáis nos perdonaban unha cantidade ao redor dos 400.000 euros. Casualmente iso non saiu adiante, aos poucos días chegou unha sentenza que beneficiou ao Concello con máis dun millóns de euros. Está en capacidade de facelo e sácalo adiante, espera que non traiga esa contraprestación e a empresa faga outra proposta e agora se firme o comida polo servido. Bota en falta a obra da Corredoira que se fixo, non sabe se está requerida á empresa Aqualia, gustaríalle saber en qué situación está.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que eles non estaban en política activa pero coñecían toda a problemática coa empresa Aqualia. Di que eles leron a acta da que fan alusión de maio do 2018 que efectivamente voutouse en contra polos anteriores compañeiros. Votar en contra a un requerimento onde se está pedindo algo beneficioso para Monforte non lle parece ben, gustaríalle saber máis, un pouco para definir se votan a favor ou se absteñen.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que fala D. Emilio dunha cousa, renunciar as obras afectadas ofertadas no seu día, como o parque acuático, porque outras non as había definidas. Dille que debe lembrar que foi xustamente o anterior alcalde do seu partido o que renunciou ao parque acuático, está grabado, non ían tirar por aí. Adicaron os terreos para o paseo do río, xustamente a curva de Cobas e o parque da Pinguela. Ademáis é cuestión de mirar en intervención, o diñeiro oportuno Aqualia e co diñeiro que sobrou da compra dos terreos acordaronno distribuir noutras inversións que se fixeron. Non podemos renunciar porque xa está o parque alí. A expresión do comida polo servido, é unha expresión de vostede D^a Maribel, vostede non pode dicir que escoitou iso dito polo equipo de goberno, iso o dicían votesdes. Vostede fala da rúa Corredoira, debería saber que ese tema veu ao pleno, o que fixo a empresa foi recurrilo, e está en contencioso por parte da empresa. Por outro lado, dicía D. Emilio que isto leva 19 anos, eran 25 do contrato, 7 de xullo do 2001 ata o ano 2026, quedan 5 anos e medio de contrato, este contrato naceu como naceu dende o principio, non se cumpriu dende o primeiro día. Di que chegaron a gobernar 4 anos e medio, intentouse por activa e por pasiva, cousa que non se había feito ata daquela. Ata que nós echegamos a facer esas propostas, ninguén fixo unha proposta boa ou mala para esixirlle a Aqualia o que tiña que invertir, aquí gobernou o PP e o BNG, polo tanto os demáis non o facemos moi ben pero polo menos o intentamos. O xuíz dixo que era básico aportar a oferta e a empresa negouse a presentar, evitou que nós lle pagáramos. A partir de aí vostedes pedían informes externos porque non se fiaba dos internos, dos nosos técnicos. Fixemos dous informes coa univesidade de Santiago e coa univesidade de Vigo, e sumarlle os intereses legais do diñeiro de cada ano acumulativos en todos eses anos, e tampouco nolo aprobaron.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o posicionamento do voto está claro, simplemente aclarar dous puntos, se se fixo a reclamación do parque acuático di que non é cousa del, porque visto en perspectiva, foi un erro e dos erros hai que aprender. Isto é para todos. Con respecto, ao anterior goberno defendeu, non quere facerse responsables dos erros. Di que leva catro anos, xa lle chegará apandar cos seus erros. Recórdarlle que vostede tamén estivo no goberno. Mirar para atrás non é algo que solucione os problemas.

Intervén D^a Isabel García dicindo que o culebrón de Aqualia pasou por todas esas fases, que se están resumindo moito. O único grupo que non tiña nada que ver era o seu grupo. Cando se perdeu o famoso contrato, que a película da perda do contrato de Aqualia é mala de explicar. E que iso trouxo como consecuencia pois que a empresa se aproveitara desta maneira e fixera todo o que fixo. Fala de que se pedirá un estudo de todo, o que se pedía que si facendo un estudo completo da situación de todas as situacións que interveñen no tema de Aqualia, e a perda que supoxo para Monforte non facer ese parque acuático. Di que desexa que vostede vai sacar adiante este requerimento, e gustaríalle que se fixese ese estudo completo.

Intervén D^a Katherinie Varela dirixíndose ao Sr. Alcalde que acaba de presumir que durante 18 anos, non se fixo nada, non se pode culpar a outros cando vostede estaba no goberno municipal. Di que a anterior voceira do PP tivo moito interese neste contrato, di que non lle parece normal. Si é certo que hai que facer outros requerimetnos ou un estudo pormenorizado, amosa a súa abstención.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que efectivamente formou parte dun goberno de coalición, vai ter razón o Partido Popular non se poden facer gobernos de coalición. Co respecto pola autonomía de xestión, cada un ten as súas áreas . Di que el nunca tivo nada que ver con Aqualia, que pertencía a unha concellalía de servizos. En todo caso, se ten algunha responsabilidade é solidaria por formar parte do Goberno, a xestión é de quen é, non pode ir en contra do socio de goberno. Fala vostede D^a Isabel dun estudo, dixeron os técnicos que non era posible, como fai vostede un estudo de por exemplo, de algo que non existe que non hai unha proxestión de que tamaño ía ser o parque acuático, quen ía xestionalo, alguén medianamente serio non. Sen datos non se pode dicir iso, iso non estaba nas bases, vai ser xestión pública ou privada, cal vai ser o custe. Di que el non presume de nada, a realidade é, aquí nunca se trouxo nada, a primeira vez foron dúas veces no pasado mandato, a vez pasada eran 3.500.000 euros, agora son 3.700.000 euros, cos xuros legais do diñeiro, de momento imos pedir isto, que a empresa vai recurrir ao contencioso, seguro. Se isto nunca se empeza nunca haberá ningunha resolución de nada. Dentro de 5 anos Aqualia remata, e vaise de rositas, ninguén lle pediu nada, iso foi o que intentou este equipo de goberno dúas veces no pasado mandato.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista, e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

7º.-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DO CONCELLO PARA QUE CUMpra OS REQUERIMENTOS DOS COLEXIOS DE ENsinANZA INFANTIL E PRIMARIA DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1º Que se atendan os requirimentos do Colexio Novo en canto a anexión da finca necesaria para a obra de mellora, ou polo menos, comezar coa adaptación da rúa camino da barxa de maneira que se constrúan beirarrúas na zona de estacionamento dos autobuses escolares e se doten de marquesiñas ou da construción axeitada para evitar que os nenos se mollen ou pasen frío o calor na espera a subir o baixar dos autobuses. Tamén que se proceda a limpeza exterior e da zona axardinada do centro.

2º.-Que se atendan os requirimentos do Colexio da Gándara e se proceda o arranxo do asfaltado do lateral vento leste así como a limpeza do exterior do exterior do centro e o arranxo das goteiras do pavillón grande.

3º.-Que tal e como establece o acordo suscrito entre a Consellería de educación e a FEGAMP, que se faga unha revisión exhaustiva do estado de conservación do centro de forma anual para evitar que as avarias se volvan máis graves. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que non dúbida do interese e necesidade do que lle trasladaron eses colexios. Di que tamén son conscientes de que hai que delimitar ou descindir que cumprimentos ten o Concello, o de mantemento, son reposicións ata onde chegan. Di que se deberían chegar as queixas oportunas ao Concello. Fala de que quere facer unha enmenda “in voce” sería: “que no punto 1 e 2 o Concello cumpra co seu cometido nas labores de mantemento e o que sexa da competencia da Consellería que se dirixa a esta para que se cumpran as condicións”. Se se acepta isto non ten ningún inconvinte en votar a favor.

Intervén D^a Isabel García dicindo que é coñecedora destes requerimentos. Fala de que calquera que pase por diante do Colexio Novo pode velo. Unhas cousas son competencias do Concello e outras da Xunta, di que se asume á enmenda de D. Emilio. Quería pedir a este equipo de Goberno e a este alcalde, unha subvención ao colexio Torre de Lemos da Deputación. A realidade é a que é, que o Concello asuma as competencias de mantemento e ver se se pode dar

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a verdade que non deixa de sorprenden coas súas iniciativas. Son contrarias ás que ven predicando a Xunta de Galicia, ás veces non sabe moi ben do que esta falando. A Xunta de Galicia ven practicando recortes, vostede pola súa parte quere correxir isto, poñendo ao Concello cousas que non son da súa competencia. Di que lle parece ben que lle queira recordar a normativa aplicable, por iso sabe que os Concellos teñen competencia nas labores de mantemento dos colexios de primaria (cambio de bombillas, portas que non pechan), mentras que a Consellería de Educación ten a competencia en todo o que refire a obras estruturais, que é o que vostede aquí está pedindo, como estamos en campaña o Partido Popular quere arañar votos de pais, alumnos, etc. Di que coñecen as súas obrigacións e cales son as da Xunta. Di que o quere e armar un pouquiño de bulla electoral. Para empezar no Colexio Novo colocáronse recentemente dúas marquesiñas no estacionamento dos autobuses. No camiño de Barxa é unha zona calificada como rústica, de amplitude suficiente para circular vehículos e persoas, esta situación é a que hai dende que se construiu o colexio, en 20 anos non se acordaron dela. O estado da rúa é bo. Pide que explique D^a Katherinie que iso é unha obra de reparación. Di que se comprobou con respecto ao colexio da Gándara, non se ven buratos importantes. Aмосa o seu voto en contra, porque o Concello está cumprindo co que lle toca.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que sabe moi ben do que fala, tampouco é malo non saber de todo. Acepta as enmendas de Emilio José Sánchez e Maribel. Di que non forma parte de ningún goberno, as súas armas son máis limitadas que as súas. Di que ela está aquí para falar das necesidades de Monforte, as necesidades do colexio, non son electoralistas. O único que pretende é que nos colexios estean contentos, e eles non lle pediron ao Concello e tamén á Consellería, ás veces as normas non son suficientemente concretas para delimitar, debería concretarse e actualizarse, como Alcalde debe presionar á Xunta, porque é o alcalde de Monforte, si é necesario ela presionará doutro lado. Están a favor desas enmendas, se se presiona todo o que se sexa bo para Monforte.

Intevén D. Emlio José Sánchez agradecendo que acepten esa enmenda. Ao respecto do posicionamento do goberno, non vai valoralo porque non lle corresponde a el.

Intervén D^a Isabel García dicindo que ela se suma á enmenda pero o que si non acaba de entender é que o Sr.Voceiro dixo que con enmenda ou sen ela ían votar en contra. Fala de que o colexio da Gándara se tiña queixado de grandes buratos e iso si é competencia do Concello. O único que di é que o Concello asuma as competencias que lle corresponden, en todo caso lle engadía a vostede que como presidente da Deputación que utilice esa xenerosidade que tivo con outro centro educativo.

Intervén D. Ibán Torres manifestando que non utilice aos directores dos colexios para facer demandas a este Concello, que se dirixa a nós, pero sempre que sexan competencias do Concello. Di que van votar en contra desa iniciativa. As marquesiñas están postas, os buratos grandes non existen. Agora que di que llo contaron os seus compañeiros do consello escolar. Dixo ven claro que non van apoiar isto porque é electoralismo.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que non vai entrar nos teatros do Sr. Ibán. Manifesta que as mocións foron presentadas antes da convocatoria das eleccións. Si efectivamente, falan das marquesiñas fóra no exterior. Ela se compromete para presionar para que haxa un encontro para ver como se pode solucionar o da entrada do colexio e non está adecuada para os autobuses, se necesita máis comunicación entre administracións. Da moción que piden a limpeza do exterior, hai unha queixa dos dous colexios de que non se están limpando o exterior, a zona axardinada, antes si que se limpaba, ao Concello si que o requiriron. Os grandes buratos vense en prensa, as goteiras do pavillón son evidentes. Non diga que os compañeiros queren envidenciarme porque iso é moi sucio.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Concello xa cumpre coas súas obrigas, cada pouco avisan, fanse os arranxos. Outra cousa é que os colexios impulsados por non sei quén pretendan outras actuacións. Cando lle digan algo comprobeo, as marquesiñas se puxeron dentro donde o quixo a dirección do colexio, o colexio pediu para dentro, agora hai tres unha vella e dúas novas, se puxeron onde se pediron. O que propón é unha iniciativa electoral, cando están as eleccións convocadas, e todos sabíamos que ían ser na primavera, porque todo evidenciaba iso, unha cousa é o que se di e outra cousa é o que se sinte. Fala vostede de comunicación, é verdade a Xunta a este Concello dende que están gobernando non se cansa de ningunear a Monforte. Ten presentado proxectos para arranxar camiños da viñas e a Monforte non lle deron nin o primeiro, dúas veces a petición deles e todavía non enviaron o convenio, non se pide nada raro. Fala do Colexio Torre de Lemos, non se trata de ser bo ou non. Os colexios públicos en todo aquilo que é estrutural é competencia autonómica e o mantemento dos Concellos, e no caso dos concertados non se fixo así porque nos deu a gana, ese edificio é municipal, e polo tanto nos mantementos do edificio porque é noso, non é o caso dos outros dous. Di que están reparando

algo que é municipal, hai unha gran diferenza. Pídelle á Xunta que non manipulen aos directores, o que teñen que facer é que cando e algo de mantemento avisar ao Concello, cando se trata de pedir algo é á Xunta, pedir que se faga unha obra de certo nivel hai que pedirlo á Xunta de Galicia. O Concello cumpre coas súas obrigas, que viña cumprindo antes e segue cumprindo agora.

Sometido o asunto a votación coa enmenda aceptada pola voceira do Partido Popular, rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

8º.-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal popular, e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1. Declarar o apoio deste Concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.

2. Declara o apoio deste Concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financieira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación de Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que dende o BNG se reclamará o que é noso do goberno do Estado, governe quén governe. Hai que facer unhas pequenas reflexións, no pasado 5 ou 6 de febreiro presentada unha proposta non de lei reclamando 200.000 millóns de euros do IVE do ano 2017. Tal como foi a cousa dende o BNG fíxose unha enmenda daquela, onde o PP esqueceu ou non incluíu eses 160 millóns de incentivos, o PP votou en contra. Polo tanto temos que saber que levamos 10 anos onde non se reclamaron competencias, pero realmente unha vez pechado o exercicio económico do 2017 é probable que

haxa un desfase. Cando se fala de que o IBI é algo que afecta a todas as comunidades e deputacións, aí é onde o Presidente se nega sistemáticamente, o reclamar dende o BNG ese concerto económico de Galicia no Estado, algo que cree que é necesario en base a moitas cousas. Ese IVE non é o mesmo que o sistema de financiamento en Euskadi, o IVE o recauda o propio goberno vasco. Van apoiar que se reclame ese diñeiro, hai que ter as cousas clariñas e ser coherentes.

Intervén D^a Isabel García dicindo que o seu grupo non ten representantes en Santiago nin en Madrid, vai defender aquilo que supoña diñeiro e inversións que lle toquen a Galicia. Comparte o que acaba de dicir D. Emilio, este diñeiro cando gobernaba o PP non se puxo ningún empeño en facer ningún reclamo, postura que eles denunciaron, débese reclamar goberne quen goberne, esta non é unha práctica que estea levando o goberno do PP. Agora percibe unha presión de reclamar cousas que noutro momento non había, como é noso está ben reclamalo.

Intervén D. Ibán Torres preguntándose se isto tampouco é electoralismo. Fala do IVE, de poñer en marcha un novo sistema de liquidación. A liquidación do 2017 levouse a cabo no 2019, soamente se ingresaron 11 meses IVE. Para evitar o problema o Goberno de Sánchez evitou, suponía adiantar a liquidación do mes de decembro do 30 ao 20, co este recurso se contabilizarían 13 meses compensando así os 11 meses do 2017, PP e Cidadáns votaron en contra. Vox, Cidadáns e PP acusan ao goberno de quedar con 2.500.000 millóns., tal afirmación é falsa, porque o que as comunidades autonómicas non reduciron foi seu nivel de gasto. Frente ás mentiras da dereita coa financiación das Comunidades Autonómicas. Fala das actualizacións das entregas a conta sen aprobarse os presupostos do Estado. 113.020.000 millóns de uros. É preciso un cambio normativo que pode darse na aprobación dos orzamentos xerais do Estado. O problema o creou Montoro e ninguén dixo nada.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que recoñeceu que todo este problema poda ser orixinado polo Sr. Montoro, di que había unha proposta na lei de presupostos xerais do Estado, vostedes fixeron unha moción de censura que tampouco apoiaron os presupostos, será que non puideron negociar ben, a realidade é que hai 200 millóns de euros que lle pertencen a Galicia, o único que se require aquí e se están a favor de facer ese requerimento ou non.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a Katherinie, que diga vostede unha soa cousa que fixera o Sr. Feijoo en Monforte nos derradeiros anos, se iso é tratar ben aos monfortinos. Non hai ningunha soa cousa. Di que isto lle recorda o Plan Ribeira Sacra, 34 millóns de euros e non existe un documento, como isto queda ben, que é a suma do que levan gastado non sabe en cantos anos, non hai nin un proxecto que se chame Ribeira Sacra. Di que xa ve que estudiou o manual do

invento do despiste. O Sr. Feijoo non fala da súa xestión, este señor leva 11 anos gobernando Galicia, leva máis de 100.000 euros gastados, triplicou a débeda, claro a culpa e do Estado. Agora ten un plan, en 11 anos xa o puido facer, se o próximo que ben tarda 12 en darse conta do que ben. Vostedes votaron en contra do que agora piden, é iso é electoralismo, enganar á xente. Este Concello ten pedente que lle liquiden ese mes, falta ese mes. Ese decimoterceiro mes nunca chegou.

Sometido o asunto a votación, rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

9º.-MOCION DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE! PARA SOLICITAR A POSTA EN MARCHA DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor da Concelleira D^a Isabel García Díaz, Esperta Monforte (Grupo Mixto), e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, Grupo Municipal do PP e D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG (Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

"Instar ao equipo de Goberno a que poña en marcha o Consello Municipal de Deportes".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Isabel García dando lectura a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que fai nun pleno anterior este grupo trouxo aquí unha iniciativa para un Consello de Turismo, di que creen que hai catro cousas puntuais que deberían ter un consello propio, o consello de saúde, o de turismo, o consello económico-social e neste caso o consello de depotes, son catro cousas fundamentais para o desenrolo da vida cotía de Monforte. Ese consello tiña que axudar, daquelas programábanse as actividades deportivas nas festas, incluso poderíase facer participes aos grupos deportivos durante as festas de Monforte. Non é criticar o formato senón aportar novas ideas ou darlle unha volta en referencia á gala do deporte. Aмосa o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela di que están a favor desta iniciativa. Di que xa levan un rogo da mellora das instalación deportivas. Di que hai que fomentar o deporte é unha motivación para que a xente non se vaia e teña ocio aquí, é saúdale, parécelle adecuado e van votar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se diga que goberno duplicou en catro anos o que se adicaba ao deporte, ¿eso non é fomentar o deporte de base? Polo tanto estase fomentando o deporte base, hai que pasar de 56.000 euros a preto de 120.000, axudas ao deporte individual. Quén puxo no orzamento fondos para os deportistas individuais, humildemente este Alcalde e este equipo de goberno, este ano se aumentou nun 40%, neso moito moito non se pode contar. Sinala que, efectivamente, foi concelleiro de deportes, naquel momento creouse o Consello Municipal de Deportes, cando deixou de ser concelleiro de deportes no 2007 non se volveu a reunir, os que viñeron despois non lles foi útil para gobernar, iso xa é cousa de cada un. Polo tanto o consello non fai falta créalo porque está creado o que posiblemente o que hai que facer é actualizalo Pouco a pouco volveremos a retomar este punto. Os consellos asesoran e propoñen cousas pero non deciden, estos son órganos consultivos, asesoran a quén esta gobernando. Vostede trata de quitarlle impotancia á gala do deporte, o que lle din a el é que a gala do deporte mellorou. Aquí teñen que autonominarse os premiados, aquí propoñen os clubs, pode propoñer o xurado, valóranse os méritos o curriculum de cada un. O do Consello municipal de deportes é un tema que haberá que reactivar no seu momento porque xa estivo. Sinala que non van apoiar o que se di na moción non van votar a favor, pero que saiban que se vai reactivar nun futuro o Consello Municipal de Deportes.

Intervén D^a Isabel García dicindo que se alegra que se vaia reactivar o Consello Municipal de Deportes. Di que para eles o importante é que se reactive e que se poña en marcha. Manifesta que se o quere o Sr. Alcalde é lucirlle cun mérito propio, eles non teñen ningunha necesidade de colgarse ningunha medalla. Sinala que sabe perfectamente que o Consello son órganos consultivos. Dixo D. Emilio que é un canle de fomentar a participación da cidadanía. A diminución dos deportistas nas últimas galas, non lles gusta aos deportistas ter que autonominarse. Di que se da por satisfeita de que se poña en funcionamento esparando que sexa máis cedo que tarde.

Intervén D. Emilio José Sánchez amosando o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela di que xa ven que se incrementaron as axudas para o deporte di que non lle parece suficiente, estaría ben si se invertirá nas instalación deportivas. Si se leva adiante o proxecto do parque do hospital, que sexa máis barato e o resto se invirta nas instalacións deportivas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que D^a Katherinie propón aumentar a cantidade destinada ao deporte, vostede dixo que había que reducir os impostos cando se trouxeron os presupostos, se se reducen os impostos, non se poden aumentar os gastos, de onde se quitan? de Servizos Sociais?, etc. Dentro do tope de gasto que temos, vostede ten que dicir gaste máis en deporte, menos nas festas,

senón non cuadra. Di que el non necesita ningún mérito, o Consello de Deportes o mataron porque non había interese en que funcionara, vostede durante 12 anos non pedía iso. O que si di é que vostede di cousas aquí que non son certas, cree que minte menos que vostede. Os datos son os presupostos, que había en 2015 e que hai agora, aí vése se minte un ou minte outro. Vaise revitalizar o Consello Municipal de Deportes.

Intervén D^a Isabel García manifesta que se amosan absolutamente felices e conformes de que se poña en marcha. De verdade fai unha descrición do mundo do deporte, se reconece que aumentou a cantidade económica dende o Concello, é o que di o segundo parágrafo. Disminuiron e que funcionou durante un tempo e que foi este alcalde quén o puxo en marcha, cre que tampouco é mentira, pensamos que sería a súa reactivación. Di que non sabe onde atopa vostede esa mentira pola que a exposición de motivos lle molesta, cree que lle molesta a finalidade, di que eles son conscientes que vostede presidiu e puxo en marcha isto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que no terceiro parágrafo máis ben semella que morreu, isto é mentira, non morreu matárono, xa revivirá.

Sometido o asunto a votación, rexéitase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

10º. MOCIÓN DO BNG SOBRE O DÍA 8 DE MARZO

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do Concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG (Grupo Mixto) e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista, Grupo Municipal do PP e de D^a Isabel García Díaz, Esperta Monforte (Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os cuidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen cuidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do cuidado. A comenazar opr:

2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións

necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Produción Doméstica.

2.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.

2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

3. Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galicia e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á parte expositiva súa moción.

Intervén D^a Isabel García amosando o seu apoio a esta iniciativa, e o seu desexo é que non houbera 8 de marzo e 25 de novembro. Di que se orzamente a lexislación porque senón pouco se pode facer.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que amosa o seu voto a favor no apartado 1, reivindicar a necesidade da igualdade, Secretaría de Igualdade da Xunta na que hai inversión, no apartado 2 e 3 considera que todo o relativo nas axudas no fogar igual habería que pedirlo ao Estado, en canto á dependencia, non o poden apoiar as entidades locais participan na xestión de servizos, pretender a asunción exclusiva dos programas relativos atentaría aos principios básicos da organización administrativa. Pode que haxa certa discriminación cos Concellos máis pequenos, pero hai certa proximidade cando os xestiona o Concello.

Intervén D^a Gloria Prada dicindo que o equipo de goberno está a sumarse á reivindicación do día internacional das mulleres, baixo o lema de xeneración e

igualdade. Continúa, dando lectura a un manifestó dos dereitos e liberdades das mulleres.

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á pate dispositiva da súa moción.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que en relación á moción di que eles querían votar a favor si se puidera votar por puntos cren que a dependencia está ben que a xestionen os Concellos, están máis próximos na realidade dos cidadáns. Fala do que dixo o Sr. Alcalde sobre os movementos das tropas, dicindo que se o que pretende é desestabilizar. Vostede si que é experto en movementos de tropas, para chegar á Deputación, imos deixalo aquí e preocuparnos da realidade de Monforte.

Intervén D^a Gloria Prada dicindo que esta de acordo nos dous primeiros puntos da parte resolutiva. Os seguintes puntos non terían problemas en apoialos falando da conta satélite, o que si non se pode aprobar é o punto número 3, no se pode reclamar do goberno central unha implicación á dependencia, vostede sabe realmente quén foi o primeiro goberno e o primeiro presidente que arbobou a Lei de Dependencia, foi un goberno solicialista, que incidía no foco principal que era a dependencia. A Xunta de Galicia a destruíu no 2019, o actual presidente do Goberno, incrementou a partida da Lei de Dependencia nún 59,3% onde 315.000 ían destinados á figura do coidador, unha afigura que o partido popular esqueceu.

Intervén D. Emliio José Sánchez dicindo que votar por puntos non lle preocupa, ás veces parece que nos costa reclamarlle á Xunta, ogallá el tivera a sorte de poder reclamarlle ao seu partido. Despois chega a hora da verdade, se queremos que haxa igualdade hai que apostar pola igualdade, hai que reclamarlle á Xunta ao Estado, hai que reclamar. No punto 1, recoñecer as convocatorias, o Concello dentro da legalidade e na medida do posible dote de mecanismos para favorecer a participación. Que todo sexa igualdade e democrático e avanzar en todos en dereitos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a lei di o que di, pedir a quén xa pón. Di que non sabe porque D^a Katherinie se dirixe nos termos que se dirixe, di que o del non chegou nin a guerrilla, di que se refería a outras cousas máis serias que se produciron, e teñen visos de continuar producíndose. Hai algún coronel que ven polo sur, e non sabe se ela precisamente forma parte do desfile, o seu movemento de tropas prodiciuse nunha sala do Xulgado onde o elixiron deputado, nunha urna posta no Xulgado e logo nun Pleno público, ese foi o movemento de tropas que houbo.

Sinala que fai pouco houbo unha manifestación en defensa da Sanidade Pública en Santiago, e alí ese autobús o pagaron as entidades que foron, non o pagou o

Concello. En todo caso, para sanidade non se pagou, pagaranonas as entidades, se pagou entre todos.

Esta moción vótase por puntos:

Punto 1, aprobase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

Punto 2, aprobase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

Punto 3, rexéitase por maioría, con quince votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

11º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 05.02.2020 e 17.02.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

12º.-DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL CUARTO TRIMESTRE 2019.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 4º trimestre de 2019, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

13º.-DACIÓN DE CONTA DA ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO ÓRGANICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

O Pleno queda informado da entrada en vigor do Regulamento Orgánico municipal do Concello de Monforte de Lemos con data 7 de febreiro do 2020.

14º.-ROGOS E PREGUNTAS.

.-RE 3088 DE 20.02.2020 Rogo do PP sobre control e limpeza inmediata do vertedoiro das Lamas

“Rogamos que se proceda a un maior control do vertedoiro incontrolado das Lamas, procedendo a vixiar e sancionar de forma contundente a aqueles cidadáns que en vez de usar o Punto Limpo verten o lixo en zonas no permitidas e que se proceda ademáis de forma inmediata a limpeza da zona”.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que non é certo o que está dicindo. Di que todos sabemos que tirou algúns electrodomésticos. Hai un colectivo que utiliza certos materiais apra sustento, ese non quere dicir que se lle permiten vertedoiros incontrolados. Sería bo non esaxerar as cousas.

.-RE 3090 DE 20.02.2020 rogo do PP para a mellora das instalación deportivas

“Rogamos que este goberno municipal que prepare un proxecto de actuación no que se entrevisten con cada agrupación deportiva e lle faciliten os medios e as instalación necesarios para facer da nosa cidade un referente no deporte”.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que vostede e o seu partido non poden dar compromisos co deporte. O club quixos que esta facendo un gran traballo ten máis do dobre donque tiña de subvención, na medida do posible no mandato Dalle todo o recoñecemento para o club quixos. O Quicela foi outro ao que se lle duplicou. Cando se constitúe algo hai que ver medios se ten. Algún alcalde dixo aquí que este Concello era un dos mellores en instalacións deportivas. Fala da discriminación co Club Korbis hai unha diferenza de 190,00 euros esa é a discriminación, o Club Ribeira Sacra subvención nominativa ano 2019, 10.500,00 euros, camisetas campus, 354,26 euros, medallas campus voleibol 94,38 euros, transportes deportivos campeonato de España 1.500 euros, comida árbitros campionato de voleibol 249,98, total 12.968,82 euros, Club Korbis 2019 subvención nominativa 7.000, 00 euros de subvención , Torneo Area Volei Playa 2.999,99 euros, trofeos torneo voleio playa 217,80 euros, balóns e camisetas 790,98 euros, transportes deportivos campionato de España 1.500,00 total 12.508,77 euros. A suma de todo o que leva un club e outro hai unha diferenza de 190,00 euros. Non se pode falar de que se discrimina porque non é verdade, contraste a información.

.-RE 3136 DE 21.02.2020 pregunta e rogo do BNG sobre avaría da auga nas inmediacións da rúa Porta Nova

“Prego a este Pleno en especial ao equipo de goberno que adopte medidas urxentes no que ten a ver coa avaría da auga, e que na maior brevidade posible solucione as deficiencias do alumeadado existentes nas inmediacións da citada Porta Nova”.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o sistema arranxado.

.-RE 3137 DE 21.02.2020 pregunta do BNG relativa á iluminación e mobiliario do paseo do río Cabe.

Exite algunha planificación por parte do Concello neste sentido?

Existe a posibilidade de incluír máis e mellor mobiliario e un posterior mantemento que favoreza a posta en valor deste trazado?

Resposta o Sr. Alcalde que se se leva mellorando a iluminación da nosa cidade, non sabe cando lle vai tocar a eso non o sabe. Haberá que velo e terán que dicir os técnicos. Haberá que contar co que diga Patrimonio.

Cando se fixo ese paseo non estaba gobernando este alcalde e nese proxecto non se con templou a iluminación, despois nunprimeiro tramo se puxo a iluminación dende o parque dos condes ata a pasarela do parque do Cobas, dentro do parque de Cobas vai a iluminación. A partir de aí quedaría dende a Pinguela ata Piñeira, pensé vostede que se puido incluír no conxunto do proxecto inicial. O concello xa fixo un trozo, outro trozo vai aproveitando as obras do parque de Cobas.

.-Rogo "in voce" dende as 11 horas unha parte da poboación estivo sen subministro eléctrico, di que saben que non é culpa do Concello, se prosigue que o Concello que faga o que estea na súa man.

Resposta o Sr. Alcalde de que son coñecedores diso e o Concello xa se puxo en contacto con Fenosa para que se arranxara ese tema.

.-RE 3141 DE 21.02.2020 rogo de ESPERTA MONFORTE! Solares habilitados como zona de aparcadoiro no casco histórico (cruce da rúa Conde e a praza do Conde, cruce da rúa Julio Camba e a rúa Dr. Teixeiro)

Solicitamos ao señor alcalde que de as instrucións pertinentes para que se proceda a rebaixar a altura dos muros dos solares referidos para mellorar a visibilidade e a seguridade vial para peóns e vehículos.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que os técnicos din todo o contrario que vostede di. O que se aconsellen é deixar ata unha altura de 2 metros o propio do edificio que se derruba. Vén vostede dicindo que hai un problema de seguridade vial e cando había os edificios non había ese problema, eso non é así. O da praza do Conde, cantos leva así. Na rúa Tecelanes non é o mesmo porque aquí van construír, eso está autorizado por Patrimonio.

.-RE 3142 DO 21.02.2020 pregunta de ESPERTA MONFORTE!

O Alcalde mantén un encontro en Fitur co Presidente do Goberno

.-Canto durou o encontro?

- .-Existiu outro encontro diferente do que se ilustra na fotografía co sr. Presidente do Goberno de España? En que data? Onde foi? Canto durou?
- .-Cales foron os temas e os “retos fundamentais” para a Provincia e Monforte que se trataron?
- .-Tratou co presidente os atrancon que pon ADIF e que impiden rematar a imprescindible conexión do Porto Seco coa estrada N-120?
- .-En que “quedou claro o compromiso de novo executivo” cos retos que ten a nosa cidade e a provincia?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que se quere que lle conteste en serio ou se ria. Di que se supera así mesma. Vostede quere que lle conte o que falo co Presidente do Goberno. Isto non é de traer a un pleno e vir con estas preguntas, fai unha discrición dos feitos, vostede ten moito interese en canto durou o encontro. Vostede aquí está facendo varias preguntas, independentemente das preguntas que se fagan , o que si lle di é que vostede deberíase adicar algún xénero do humor porque ten futuro. A que lle conduce vostede, é de interese vital para este Concello.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vintetrés horas e vintecatr minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,